

O derradeiro marco da memoria

María Xesús Nogueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2011 [2009]). “O derradeiro marco da memoria”.
A Nosa Terra:1343 (22 de xaneiro), 32-33. Reedición en *poesiagalega.org*.
Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/503>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2009). “O derradeiro marco da memoria”. *A Nosa Terra*: 1343 (22 de xaneiro), 32-33.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

BIO

Rexina Vega

A miña amiga vive nunha urbanización perfecta, un mundo ordenado e feliz onde as familias poden gozar da natureza a 40 quilómetros dunha grande cidade. A miña amiga é unha nai responsable que preferiu deixar o seu traballo para educar a tempo completo os seus tres cativos nos valores nos que cre. Mentres tomo o aperitivo con ela no seu xardín observo o coidado co que vai recollendo as rollas das botellas dos variados refrescos que os nenos engullen ao longo deste día caloroso. Achégase a hora do xantar, vou canda ela á cociña onde me amosa con orgullo uns grandes toros de carne vermella, boi criado por medios tradicionais, co selo certificado do seu carácter *bio*. *Bio*, unha abreviatura que, segundo avanzan as horas volve cada vez con máis insistencia, ao falar daquilo no que cre esta boa nai de familia, culta e concienciada. Para conseguir o *bio* percorre quilómetros de autoestrada na procura das mellores cooperativas, lugares onde pode, co seu capazo de vimbio, arrincar as froitas en sazón das árbores rugosas e imperfectas. Chega a noite. Axúdoa a levar as dúas grandes bolsas de lixo que o seu fogar xerou durante o día. Todo no seu contedor, convenientemente reciclado. A miña amiga suspira de felicidade no seu mundo ordenado. De aquí a 24 horas todos subirán no todoterreo cara ao aeroporto para embarcar rumbo á illa de Guadalupe. Unhas merecidas vacacións. Collo o tren nocturno de volta á grande cidade. É agosto no meu barrio maioritariamente negro e árabe. Dáme aínda tempo de entrar no supermercado. Os andeis cos produtos biolóxicos seguen cheos. A oferta do día está esgotada. ●

Para conseguir o *bio* percorre quilómetros de autoestrada na procura das mellores cooperativas”

crítica

POESÍA.

A lembranza como problema e como poema

Oxeito de Freud

Autor: Carlos Lema.

Edita: Espiral Maior.

Oxeito de Freud de Carlos Lema, XI Premio Johán Carballeira, é un poemario instalado no equilibrio. Consta de tres partes: “Secuencias que seguen o ritmo compositivo da realidade”, anteceditas por un poema pendurado do tempo, nuncio da tensión estética, ética e temática que non vai abandonar.

Trátase dun único poema que, en realidade, son varios poemas concorrentes no mesmo eixo. Na transición entre a primeira e a segunda parte, encóntrase o poema “Reflectirse”, espello no que cerciorarnos e baixar a mirada; seguimos no mesmo escenario, non mudou o mundo nin os cascallos de nós que quedan. Son tres partes do poemario como tres partes dun movemento difícil de definir pois sempre é retorno, aínda que non obrigadamente un retorno ao lugar de partida.

Mais estas non son páxinas que a nostalgia explique. O poemario é un retorno á infancia, un diálogo con ela desde os ollos dun adulto; mais a infancia, o perdido, non é un *locus amoenus* ou paraíso, utópico, ideal. O poemario, como o retorno, é unha aliaxe de conceptos, de sentimentos, de reflexións que se esvaen como a auga e o tempo entre as mans, como “o plano dunha cidade imaxinaria” (p. 17), como un pinga a pinga de corpos perdidos.

O poemario é un ceo de extractos, un encoro, un cuarto escuro doutra época, unha escalai-

Tabela das letras. FICCIÓN

- 1 O xardín das pedras flotantes. M. Lourenzo. Xerais.
- 2 O neno do pixama a raías. John Boyne. Faktoría K.
- 3 Tras do solpor. Haruki Murakami. Galaxia.
- 4 A chuvia do mundo. X.M. Pacho Álvarez Galaxia.
- 5 De vivos e mortos. Xulio Alonso. Ir Indo.

NON FICCIÓN

- 1 A corpo aberto. Manuel Rivas. Xerais.
- 2 Historia de Ourense. Marcos Valcárcel. Xerais.
- 3 Vontade de nación. X. L. Barreiro Rivas. Difusora.
- 4 Placeres Castellanos. Elsa Quintas. A Nosa Terra.
- 5 Caderno de notas. J. Marinhas del Valle. A Nosa Terra.

LIBRERÍAS CONSULTADAS: Cartabón (Vigo); Couceiro (A Coruña); Michelena (Pontevedra); Pedreira (Santiago); Torga (Ourense); Central Libreira (Ferrol); Andel (Vigo); Escolma (O Carballiño); Sisargas (A Coruña).



Carlos Lema.

ra mecánica da memoria... Non é exactamente que a voz poética lembre, senón que revive, coma se estivese nos dous tempos á vez. É a vida “non un recurso da lembranza” (p. 25), aínda que tampouco ninguén pode ficar a salvo dos efectos que a lembranza produce, da imprevisibilidade e alcance que estes vincallos ou comunicación co perdido poden acadar. Aínda que, despois da sucesión de secuencias que a excitan, a pregunta continúa: que é lembrar?, “¿unha aproximación ao sentido da literatura?” (p. 28).

Nos tres tempos desta viaxe, el, a voz poética, recoñécese como froito da cultura (as lecturas, sobre todo, en sinerxia coas demais artes, música, filosofía, pintura...), da cultura e do tempo, da historia. E a medida que reflexiona sobre tales encontros, vai reclamando o concurso dos seus axentes. E chegan Bartok, Henry James, Tolsoi, Wittgenstein, Freud, a Acrópole, Tutankamón, Leonardo Da Vinci, Proust ou Kafka ou Geppetto. E Freud, loxicamente, a psicotomía. Porén, malia que o seu auxilio sexa valioso, cada vez máis presente, tampouco teñen entidade como para constituírse en solución, en bisturí salvador ou luz definitiva que borre esta ce-

gueira histórica, este equilibrio indefinible, esta acrobacia, estas suturas supurantes que fican nos versos. Malia que, no remate se reclame a voz de John Ashbery, disque o poeta estadounidense máis influente e recoñecido de hoxe, do século pasado, dos New York Poets.

É realmente un problema a lembranza, como para necesitar solución? Simplemente é inevitábel, nin doe sempre nin sempre se acha unha bomboneira en sepia. Tal vez, e non se agarde que sexa conclusivo, a mellor solución sexa a procura do feito literario como espello e estratexia, a mediatización da poesía, esta medición sen marxes que beirea o feito poético desde un desafiante ton meditativo, sen renunciar á dimensión sonora do verso (mesmo procurándoa con delicadeza e firmeza) mais procurando renovar as augas estancas nas que a poesía tende a autocontemplarse e a ser admirada.

Eis o libro, eis a poesía, a poesía ondeante, con coidado ritmo de mar calmo, a poesía herética deste libro como teatro, como escenario e estratexia onde a voz poética se desdobra, onde actúa e se examina desde a estrañeza que sempre conlevan

as lembranzas, esa deslocalización, desubicación que reclama de nós solidariedade histórica, que nos lembra que somos froito dunha evolución inconclusa, incurso. Porque a lembranza, máis que un retroceso no tempo, máis que unha volta atrás, é unha actualización. A crenza de que as vivencias pasan, de que existe un pasado, un presente e un futuro, non deixa de ser pura ilusión. A vivencia queda, fica, ou non existe, simplemente. ●

Xosé M. Eyré

Oderradeiro marco da memoria

Cultivos transxénicos

Autor: Carlos Negro.

Edita: Instituto de Estudos Miñoranos / Entidade Local de Morgadães-Gondomar.

Inaugurando unha colección creada para a ocasión e avalado polo premio Certame de Poesía Victoriano Taibo, aparece o cuarto libro de Carlos Negro (Lalín, 1970), un autor que se deriva a coñecer, no espazo oral e editorial creado por Letras de Cal con *As laranxas de Ali Babá* (1998). Naquela primeira obra, impregnada dunha delicada simboloxía, apreciábase xa un dos trazos de identidade do escritor: a sinxeleza da súa retórica e a vontade de comunicación. Anos despois, no xardín das laranxeiras de Carlos Negro foi medrando outra vexetación regada polas fontes da cultura do mundo rural, un universo que foi ocupando pouco a pouco os seus versos. A simbiose do rural e o urbano e algunhas das súas estridencias quedaron orixinalmente plasmadas en *Far west* (2001) e, en boa medida, tamén en *Héleris* (2003).

Cultivos transxénicos volve sobre a realidade rural ga- >>>



O Facho de Ouro, para Neira Vilas.

O escritor de Vila de Cruces recibirá o premio da Asociación Cultural *O Facho* pola "longa traxectoria na defensa e na dignidade do país". A entrega do galardón será o 31 de xaneiro, no transcurso dunha homenaxe que se celebrará na Coruña. Neira Vilas desempeñou un importante labor de difusión do libro e a cultura galega dende a diáspora, e foi fundador da organización *Follas Novas* xunta súa muller, a escritora cubana filla de galegos Anisia Miranda. ●



XAN CARBALLA



Carlos Negro.

ANDRÉS PANARO. / ARQUIVO ANT

>>> lega para evidenciar as súas contradicións, derivadas do conflito entre a identidade e o progreso e incrementadas polas tiranías do capitalismo. Na primeira das cinco seccións que integran o poemario, o autor bota man dunha fórmula de pregunta-resposta na que resulta doado percibir o diálogo cun dos textos centrais do discurso agrarista – *avant la lettre* – e anticaciquil, o *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal. A fórmula empregada polo escritor decimonónico, a do popular catecismo, é actualizada neste caso por outra igualmente coñecida, como é a da entrevista: "Para vostede onde reside o problema de Galicia? / *No tránsito feroz de labregos a consumidores, / no proceso transxénico que nos fai mutantes, / monstros que transforman a morriña en herbicida*".

Mediante este e outros modelos tomados da teoría da literatura ou da crónica, *Cultivos transxénicos* mostra non só os males actuais do campo galego (o deterioro ecolóxico, a especulación urbanística, a despoboación) senón tamén a perda da identidade e a desaparición dun modo de vida do que só apenas se poden rastrexar "os restos

dunha cosmovisión agraria" e evocar a "estricta precisión poética da linguaxe precapitalista".

O texto poético adopta polo tanto unha dimensión comprometida, "levanta acta" e convértese no "derradeiro marco da memoria" para dar conta dun mundo que cambiou os seus sinais de identidade por novos xeitos de vida. Mediante a

O texto poético adopta unha dimensión comprometida, levanta acta"

ironía, a parodia, o rexeitamento de tópicos ("ruralismo costumista", "elegía nostálgica") e a creación lingüística ("software orgánico", "hardware agrario", etc.), o autor procura afastar o libro dos lugares comúns nos que resulta doado caer ao abordar o tema. A isto cómpre engadir aínda o xogo coas expectativas do lector mediante os títulos das composicións: "Pirámide de poboación", "This is the end", "Memoria ram", "Turismo rural", que nos recordan a primeira e máis sorprendente Lupe Gómez. Outras veces é a xeografía política fortemente ideoloxizada de Chus Pato a que nos vén á memoria ao ler as páxinas de *Cultivos transxénicos*, unha singular elegía pola morte dun mundo e, sobre todo, pola perda da súa memoria: "Agora xa nin doe de tanto que se ignora". ●

María Xesús Nogueira

NARRATIVA.

Ador de non entender

Mal de escola

Autor: Daniel Pennac.

Tradución: Xavier Senín Fernández e Isabel Soto López.

Edita: Xerais.

"A idea de que se poida ensinar sen dificultade débese a unha representación etérea do alumno. A prudencia pedagóxica debería representar-nos o mal estudante como o alumno máis normal que existe: o que xustifica plenamente a función do profesor, porque temos *todo* para aprenderlle, comezando pola necesidade mesma de aprender". Talvez este parágrafo sexa o que mellor resume o espírito deste libro que, aínda que



Daniel Pennac.



inserido nunha colección de narrativa, responde mellor á definición de ensaio. Daniel Pennac confesa nel o seu pasado de pésimo estudante e, tomándose a si mesmo como punto de partida, analiza o proceso de aprendizaxe da escola francesa dende o punto de vista do mal alumno, do que non aprende nada do que lle explican. O mal alumno, raza Pennac, adoita ser contemplado como alguén molesto, alguén que "non deixa que o resto avance". Non obstante, a escola, se algunha xustificación ten, é precisamente a de integrar a ese que parece negado para aprender.

Mal de escola mestura as lembranzas autobiográficas de Pennac coas súas reflexións sobre a institución escolar republicana. Son notas moi diversas que combinan confesións, consideracións vitais, apuntes sociolóxicos e anécdotas máis ou menos ilustrativas, extraídas da súa infancia como (pésimo) alumno e dos seus vinte e cinco anos de experiencia docente. De facto, o centro do libro gravita sobre a transición sufrida por el mesmo: de mal alumno a profesor. Como o consegiu? Grazas a catro pro- >>>

CONTADELIBROS.

Trinta relatos da escola

Historia das historias da escola, de Xosé Antonio Ventoso Mariño, é un conxunto de 30



relatos pensados para mozos de máis de 12 anos. Polas súas páxinas discorren historias que poderían

ser reais sobre vivencias de personaxes que teñen en común a escola. Os textos do escritor de Ribeira acompañanse das ilustracións do seu paisano Xoán Fernández. Edita Ir-Indo.

Máis materia escura

Factoría K publica o segundo volume da triloxía "A materia escura", do escritor inglés Philip Pullman. Tras *A aurora boreal*, chega agora *O*



coitelo sutil, en tradución de Fernando Moreiras. Esta continuación segue a liña de mestura de fantasía e realidade cotiá da súa predecesora e busca aventuras en mundos paralelos. Os protagonistas, Lyra e Will, deberán enfrontarse ao seu propio destino para evitar un gran desastre.

Palabras de violadas

Marilar Aleixandre gañou o Premio 'Fundación Caixa Galicia' 2008 de literatura xuvenil con *A cabeza de Medusa*, un relato sobre a experiencia como



vítimas de Sofia e Lupe, que logo de ser violadas deben enfrontarse ao castigo dos seus máis próximos. Edita Xerais. ●